

SIGUENOS EN:



"Un xogo adecuado é un gran aliado da educación para a paz"

COA ORGANIZACIÓN DE:



COA COLABORACIÓN DE:



CO FINANCIAMENTO DE:



Consejo de la
JUVENTUD
de España

WWW.CJE.ORG



O xogo é algo moi serio...

- O xogo está relacionado con todos os aspectos e as etapas da vida dunha persoa.
- Ademais de xerar pracer e diversión, é un bo aliado para fomentar a creatividade, reforzar a autoestima e contribúe ao desenvolvemento físico, mental, emocional e social das persoas.
- O xogo non ten idade. As persoas necesitamos manter o espírito de xogo durante toda a vida.

Os xogos marcan comportamentos

- Os xogos ofrecen experiencias ficticias pero os sentimentos e vivencias que xeran son reais.
- A través do xogo, aprendemos a canalizar o espírito de superación e a competitividade, a ser persoas solidarias, a entender o valor das regras e a superar a frustración.

- No xogo adquirense actitudes e valores, apréndense usos e destrezas sociais, ensáianse sentimentos e experiencias persoais.

- Xogar con xoguetes violentos ou sexistas aumenta o risco de que os nenos e nenas usen a agresión na vida real e repitan roles negativos da nosa sociedade.

- Cando facemos un agasallo a un neno, en realidade estamos a transmitirle a idea que temos sobre el e que é o que del esperamos.

- Non hai xoguetes para nenos e xoguetes para nenas. Só hai xoguetes. Deixemos que cada quen escolla con cal xogar. Sen prexuízos.

Elixir o xogo/xoguete adecuado

Algunhas preguntas que poden axudarche?

1. É divertido?
2. Adáptase á idade e ás características da persoa á que llo vas a regalar?
3. Conecta cos seus intereses e necesidades?
4. Que facetas da súa personalidade pode desenvolver ou potenciar?
5. Fomenta a relación cos/as demais ou é para xogar en solitario?
6. Que valores fomentan? Estamos de acordo con eles?
7. Cales foron as súas condicións de fabricación?
8. Está realizado con materiais nobres e respectuosos co medio ambiente?

"Por primeira vez na historia os nenos e nenas teñen máis xoguetes que tempo para xogar"

Imma Marín

A nosa proposta... xogos cooperativos

- Transmíten valores positivos e desexables para a nosa sociedade.
- Non existe competencia, senón un desafío común. Xógase co grupo, non contra el.
- Para conseguir o obxectivo do xogo, é imprescindible cooperar
- Todos os participantes gañan ou perden. Ninguén queda excluído
- O elemento contra o que se compite é externo e non humano
- Os xogadores combinan as súas diferentes habilidades unindo os seus esforzos

Ademais... Xoguetes e xogos...

- Para construír: Melloran a destreza e a organización espacial
- Para interpretar: Fomentan a imaxinación, a iniciativa e o respecto
- Para moverse: Combaten o sedentarismo
- Para investigar: Fomentan a creatividade e a asertividade

¡BÓTALLE CREATIVIDADE!
Calquera obxecto pode converterse nun divertido xogo...